



XUNTA  
DE GALICIA



PROGRAMA GALEGO

**DE ACOLLIDA**

**E APOIO EDUCATIVO**

**AO ALUMNADO**

**ESTRANXEIRO**

## TÁBOA DE CONTIDO

<b>1. CONTEXTO</b>	<b>3</b>	<b>7. AXENTES IMPLICADOS</b>	<b>26</b>
<b>2. MARCO NORMATIVO</b>	<b>5</b>	7.1. Comunidade educativa	26
<b>3. OBXECTIVOS</b>	<b>7</b>	7.1.1. <i>Axentes educativos internos</i>	26
<b>4. ADMISIÓN E MATRÍCULA</b>	<b>8</b>	7.1.2. <i>Axentes educativos externos</i>	29
4.1 E.Infantil, E.Primaria, E.Secundaria e Bacharelato	8	<b>8. OUTROS RECURSOS</b>	<b>30</b>
4.2. Ensinanzas profesionais	8	8.1. Desenvolvidos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	30
4.3. Procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias	9	8.2 Desenvolvidos por outros departamentos	30
<b>5. INCORPORACIÓN E ACOLLIDA NOS CENTROS EDUCATIVOS</b>	<b>10</b>	<b>9. PROPOSTAS PARA A INCLUSIÓN</b>	<b>33</b>
5.1. Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato	10	9.1. A nivel de centro	33
5.2. Ensinanzas profesionais	11	9.2. A nivel de aula	34
<b>6. MEDIDAS EDUCATIVAS</b>	<b>13</b>	<b>10. BIBLIOGRAFÍA</b>	<b>35</b>
6.1. Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato	13	<b>11. REFERENCIAS DE INTERESE</b>	<b>36</b>
6.2. Ensinanzas profesionais	20	<b>ANEXO 1. MODELO DE RECOLLIDA INICIAL DE INFORMACIÓN DO ALUMNADO</b>	<b>38</b>

## 1. CONTEXTO

O aumento de alumnado procedente do estranxeiro é unha realidade cada vez máis palpable no sistema educativo galego. Segundo os últimos datos rexistrados na aplicación de Xestión Administrativa Da Educación (XADE), nos últimos cinco anos duplicouse a porcentaxe de alumnado matriculado en centros educativos de Galicia pasando dun 3,67% no curso 2020/21 coa presenza de 126 nacionalidades ao 7,54% no curso 2024/25 con 134 nacionalidades diferentes.

Con todo, Galicia se sitúa entre as comunidades con menor porcentaxe de alumnado estranxeiro de España, cuxo porcentaxe no curso 2023/24 é do 12,2% segundo os últimos datos dispoñibles.

Esta tendencia á alza prevese que continúe nos próximos cursos escolares polo que a posta en marcha deste programa supón adiantarse a este novo reto e dar oportunidades aos novos galegos nados no estranxeiro.

Estes datos atopan a súa correlación directa no feito de que, contando cos últimos valores publicados no Instituto Galego de Estatística para os anos 2021 e 2022, os fluxos de persoas migrantes do exterior cara Galicia, pasou de 25.547 a 39.281, o cal implica un incremento dun 53,76%.

A diversidade de orixes e culturas representa unha valiosa oportunidade de enriquecemento para toda a comunidade educativa, ao fomentar o intercambio de experiencias multiculturais e fortalecer valores fundamentais para a convivencia e a inclusión. Con todo, a atención ao alumnado proveniente do estranxeiro tamén supón un desafío que debe abordarse priorizando o cumprimento do dereito internacional e o interese superior das nenas e os nenos. Para iso, é esencial prestar especial atención ao seu proceso de acollida e promover medidas educativas compensatorias que faciliten tanto a súa aprendizaxe como a súa plena participación na vida dos centros educativos.

Actualmente cursan estudos nas diferentes ensinanzas un total de 28.603 persoas estranxeiras que representan o 7,54% do alumnado. As nacionalidades máis representativas son a venezolana (20,25%), a colombiana (15,01%), a peruana (10,91%) e a marroquí (9,04%).



# 28.603

PERSOAS  
ESTRANXEIRAS

7,5% | (ESPAÑA 12,2%)



20,25%



15,01%



10,91%



9,04%

Respecto ás distintas etapas educativas, a porcentaxe de alumnado estranxeiro é maior en Formación Profesional co 8,40%, seguida da educación primaria co 7,75% e da educación secundaria obrigatoria cun 7,28%. Cabe destacar que na educación secundaria para persoas adultas a porcentaxe elévase ata o 22,95%, dato que merece ser tido en conta para o deseño de actuacións dirixidas a este colectivo.

O alumnado que procede do estranxeiro pode presentar diferentes necesidades derivadas das súas condicións persoais ou de historia escolar, e debe escolarizarse segundo o procedemento establecido na normativa que regula a admisión nos centros docentes sostidos con fondos públicos. Para dar resposta ás súas necesidades resulta fundamental a colaboración e o traballo en rede por parte dos distintos axentes educativos e sociais; e tamén coidar o seu benestar emocional, xerando contornas seguras, acolledoras e respectuosas coas culturas de orixe.

Por outra banda, as ensinanzas profesionais ofrecen ao alumnado estranxeiro a oportunidade de adquirir competencias técnicas adaptadas ás demandas do tecido produtivo, á vez que fortalecen habilidades transversais esenciais para a convivencia, o desenvolvemento persoal e a inclusión social. A formación práctica en empresas permite o contacto directo coa realidade laboral, creando pontes de conexión coa comunidade local e ampliando significativamente as oportunidades de inserción laboral.

Este programa incorpora un conxunto de medidas que facilitan este labor de acollida e benestar emocional, que deberán ser tidas en conta polos centros educativos nas súas diversas actuacións e que se reflectirán nos seus protocolos internos.

## 2. MARCO NORMATIVO

A educación é un dereito humano fundamental recoñecido tanto a nivel nacional como internacional. A **Constitución Española**, no seu artigo 27, establece que *“Todos teñen dereito á educación”* e subliña que esta debe orientarse ao pleno desenvolvemento da personalidade humana, ao respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais. Este principio garante que o dereito debe ser igual para todas as persoas, sexan españolas ou estranxeiras, con independencia da súa situación administrativa.

Ademais, os convenios internacionais ratificados por España, como a **Declaración Universal de Dereitos Humanos**, reforzan esta perspectiva, xa que no seu artigo 26 afirma que toda persoa ten dereito a unha educación básica gratuita e ao acceso a estudos superiores segundo aos seus méritos.

A Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre **dereitos e liberdades dos estranxeiros** en España e a súa integración social, garante no seu artigo 9 o dereito á educación das persoas estranxeiras en España, tanto no ensino básico como no post-obrigatorio, en igualdade de condicións coas persoas españolas. Así mesmo, establece que os poderes públicos deben promover a educación como ferramenta de integración social.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, recolle no título II a *“Equidade na educación”* e establece no capítulo I o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A sección terceira deste capítulo dedícase ao alumnado con integración tardía no sistema educativo español.

Dentro do noso ámbito, unha normativa fundamental é o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que supuxo un gran avance na atención á diversidade. Recolle no artigo 30 do seu capítulo IV de promoción da escolarización e da formación, as circunstancias nas que o alumnado procedente do estranxeiro recibirá unha atención específica. Establece tamén as medidas tanto ordinarias coma extraordinarias de atención á diversidade, sendo algunhas delas aplicables especificamente ao alumnado procedente do estranxeiro.

A Orde do 8 de setembro de 2021 desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O capítulo II de dita orde recolle ao *“Alumnado con necesidade específica de apoio educativo”* e inclúe, como xa se indicaba na lei orgánica, ao alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo. O artigo 67 do capítulo IV en relación á *“Identificación e procedemento de elaboración e aplicación de determinadas medidas educativas de atención á diversidade”*, establece especificamente a *“Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro”*.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 18, recolle a posibilidade de exención da cualificación das probas de lingua galega para o

alumnado que se incorpore ao sistema educativo galego no terceiro ciclo de Educación Primaria, Secundaria ou Bacharelato. Dita exención regúlase na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

En relación á admisión, débese facer referencia ao Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e á Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, que regula o procedemento de escolarización extraordinaria para os casos de incorporación tardía ao sistema educativo.

A Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, establece, no seu título VII –Orientación profesional–, que as administracións públicas deberán garantir, no ámbito das súas respectivas competencias, o apoio integral á carreira formativa e profesional mediante unha orientación profesional axustada e eficaz, que proporcione ás persoas usuarias as informacións e guías para a consideración de todo tipo de opcións formativas e profesionais na elección ou redefinición dos itinerarios de formación, cualificación e exercicio profesional, eliminando os estereotipos profesionais e rumbos de xénero nas opcións formativas profesionais.

O Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establece que a orientación profesional ten como finalidade principal fomentar o desenvolvemento persoal e profesional das persoas, sen distinción de idade, sexo, procedencia, situación persoal ou laboral, nivel socioeconómico ou cultural, capacidades diferentes, discapacidade ou necesidades educativas especiais.

O procedemento de admisión nas ensinanzas de Formación Profesional está establecido na Orde do 13 de xullo de 2015, que regula o acceso aos ciclos de grao básico, e na Orde do 15 de xuño de 2016, que define os criterios para a admisión aos ciclos de grao medio e superior.

### 3. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral deste programa de acollida é garantir a inclusión efectiva de todo o alumnado, fomentando un clima de colaboración, compromiso e respecto mutuo entre todos os membros implicados no proceso educativo, no marco dunha comunidade diversa, equitativa e cohesionada.

Os obxectivos específicos son:

- Facilitar a **inclusión do alumnado estranxeiro**, apoiando o proceso de adaptación á nova contorna educativa, social e laboral.  
.....
- Previr o **absentismo e o abandono** escolar temperán.  
.....
- Promover o **éxito académico e profesional** do alumnado estranxeiro.  
.....
- Establecer **medidas educativas e sociais** que dean respostas ás necesidades específicas de apoio educativo que presenta.  
.....
- Sistematizar as **fases de acollida** do alumnado procedente do estranxeiro.  
.....
- Identificar os **axentes implicados na atención** a este alumnado para actuar de xeito coordinado.  
.....
- Coidar o **benestar emocional**.  
.....
- Ofrecer **propostas e recursos pedagóxicos específicos** para a intervención educativa.  
.....
- Fortalecer **a comunicación e a colaboración**, establecendo canles claras entre profesorado, alumnado e familias para asegurar unha acollida efectiva.  
.....



## 4. ADMISIÓN E MATRÍCULA

### 4.1 E. INFANTIL, E. PRIMARIA, E. SECUNDARIA E BACHARELATO

---

Para a escolarización do alumnado estranxeiro nestas etapas deberán seguirse os seguintes pasos:

- **Presentación dunha solicitude** de escolarización empregando os modelos ED550B en período de admisión ordinario, ou ED550C en período de admisión extraordinario. Para a solicitude de admisión ordinaria seguirase o calendario ordinario do proceso de admisión. No caso de solicitude de admisión extraordinaria, remitirase á Dirección Territorial a través das canles establecidas.

ED550B



<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED550B>

ED550C



<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED550C>

- **Formalización da matrícula** no centro educativo asignado. A secretaría do centro, de ser necesario, axudará a cumprimentar a matrícula e proporcionará toda a documentación precisa (autorizacións para imaxes, saídas á contorna, recollida do alumnado...). Asemade, facilitarase a información precisa sobre a solicitude de transporte e/ou comedor escolar. De ser posible e necesario, contarase cunha persoa que exerza de intérprete ou cunha familia colaboradora.

Do mesmo xeito, a persoa do centro que designe a dirección amosará as instalacións ao alumno ou alumna así como á familia ou persoas responsables e proporcionará o contacto con outras entidades externas de apoio, de ser o caso.

### 4.2. ENSINANZAS PROFESIONAIS

---

A información sobre o procedemento de admisión e matrícula nas ensinanzas de Formación Profesional está dispoñible na seguinte ligazón:



<https://www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp>



A solicitude de admisión realizarase utilizando o asistente informático dispoñible na seguinte ligazón:



<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/>

Unha vez publicada a adxudicación de prazas, a persoa interesada deberá formalizar a matrícula no centro educativo no prazo establecido.

A información sobre o procedemento de admisión e matrícula nas ensinanzas de réxime especial e educación de persoas adultas está dispoñible na seguinte ligazón:



<https://www.edu.xunta.gal/portal/eea>

#### **4.3. PROCEDIMENTO DE HOMOLOGACIÓN E/OU VALIDACIÓN DE TÍTULOS E ESTUDOS ESTRANXEIROS DE ENSINANZAS NON UNIVERSITARIAS**

---

Dependendo do historial académico do alumnado estranxeiro, poderase solicitar a homologación ou validación dos estudos cursados noutro país. Neste enlace se atopa a información relativa ao procedemento e normativa de referencia.

**ED 434A**



<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED434A>

## 5. INCORPORACIÓN E ACOLLIDA NOS CENTROS EDUCATIVOS

Unha acollida adecuada para o alumnado estranxeiro que se incorpora por primeira vez ao sistema educativo galego debe configurarse como un proceso integral que asegure un espazo propicio para o seu crecemento académico, persoal, cultural, social e laboral.

As actuacións prioritarias no momento da incorporación do alumnado ao centro son:

### 5.1. INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA, BACHARELATO

---

1. Realización dunha avaliación inicial do alumnado por parte do Departamento de Orientación, tanto a nivel curricular como socioemocional, podendo derivarse a outros axentes externos, como os servizos sociais ou de saúde, de considerarse necesario.



<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/inclusion-social/servizos-sociais-comunitarios>

Neste punto valoraranse e proporanse as medidas educativas de atención pertinentes.



Medidas educativas

2. Asignación do alumnado a un grupo do nivel por parte do equipo directivo, co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación, atendendo aos criterios recollidos no Proxecto Educativo e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
3. Realización dunha reunión informativa por parte do Departamento de Orientación co equipo docente, na que se lle aportará información relevante do alumnado para o exercicio das súas funcións.

Con respecto á **incorporación á aula**:

1. Información ao alumnado da aula, por parte do profesorado titor, da chegada dunha nova persoa integrante ao grupo, e preparación dalgunha dinámica de presentación e/ou xogo de cohesión grupal para axudar na transición de incorporación ao centro e propiciar o benestar emocional.
2. Establecemento dunha persoa de referencia no centro para o acompañamento de cada alumno ou alumna. As figuras recomendables para exercer este acompañamento son o profesorado titor ou a persoa que ostente a coordinación de benestar e convivencia.

É fundamental facer un **seguimento** das medidas adoptadas neste apartado polo que se recomenda:

1. Celebración dunha reunión trimestral entre a xefatura do Departamento de Orientación e o profesorado titor para realizar o seguimento das medidas e establecer, de ser preciso, novas intervencións para mellorar a atención educativa a dito alumnado. Igualmente, se así se considera, poderase contar coa colaboración da persoa coordinadora de benestar e convivencia para efectuar o seguimento deste alumnado.
2. Para o seguimento da atención ao alumnado estranxeiro facilítase unha táboa de indicadores recollida no anexo. De considerarse preciso, en base á autonomía pedagóxica dos centros, poderán incluírse ítems propios na táboa.



Acceso ao Anexo

## 5.2. ENSINANZAS PROFESIONAIS

---

1. **Diagnóstico inicial do alumnado:** realizar unha entrevista persoal cos seguintes obxectivos:
  - Recompilar a información básica do alumnado.
  - Identificar a experiencia previa e as competencias relacionadas co ciclo formativo (por exemplo, formación técnica no país de orixe, habilidades prácticas ou experiencia laboral).
  - Detectar necesidades educativas ou sociais específicas.

Para a realización desta valoración poderanse empregar os seguintes modelos:

- [Modelo de táboa de recollida de información básica.](#)
- [Modelo de valoración de competencias transversais.](#)

2. **Avaliación do nivel de dominio do idioma:** realizar unha avaliación inicial do nivel de galego e/ou castelán do alumnado cuxa lingua materna non sexa ningunha destas linguas coa finalidade de poder adaptar o apoio lingüístico ás súas necesidades específicas. Esta medida permite identificar posibles barreiras na comprensión e expresión, facilitando a creación de estratexias de ensino personalizadas que axuden ao alumnado a mellorar as súas competencias lingüísticas e garantir a súa integración efectiva no proceso formativo.

A continuación, proporciónanse algúns exemplos de probas de avaliación inicial que se poden realizar en coordinación cos departamentos de linguas do centro.

→ Modelos para avaliación inicial do nivel de castelán:



[https://londres.cervantes.es/imagenes/prueba\\_de\\_nivel.pdf](https://londres.cervantes.es/imagenes/prueba_de_nivel.pdf)



<https://ciantoniomachado.com/tests-de-nivel/prueba-de-nivel-a1-a2-2/>

→ Modelos para a avaliación inicial do nivel de galego:



<https://portal.uned.es/GestionGuiasCuid/pruebadenivel/gallego/...>

Así mesmo, é recomendable realizar unha avaliación do coñecemento do vocabulario técnico en galego e castelán relacionado co ámbito profesional (Diagnóstico lingüístico técnico), co fin de identificar as posibles carencias no dominio de termos especializados.

- 3. Información sobre requisitos legais:** ofrecer orientación detallada sobre os trámites administrativos fundamentais para o alumnado estranxeiro, como o rexistro de residencia, a obtención de permisos de traballo e a tramitación do seguro de saúde. Esta medida buscará garantir que o alumnado teña acceso á información necesaria para cumprir os requisitos legais, promovendo unha integración máis fluída e evitando posibles complicacións legais durante a súa estada e formación no país.
- 4. Asesoramento sobre homologación de titulacións:** orientar ao alumnado sobre os trámites para a homologación ou validación de titulacións académicas ou profesionais adquiridas no seu país de orixe, informando sobre os procedementos administrativos e requisitos legais, así como os prazos para a validación.



## 6. MEDIDAS EDUCATIVAS

### 6.1. INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA, BACHARELATO

---

O alumnado procedente do estranxeiro é susceptible de recibir, ao igual que o conxunto do alumnado, todas as medidas tanto ordinarias coma extraordinarias de atención á diversidade, se ben no caso de ser precisas existen medidas específicas:

#### 1. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS

---

#### 2. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

---

#### 3. ESCOLARIZACIÓN UN CURSO INFERIOR DO QUE LLE CORRESPONDE POR IDADE

---

#### 4. EXENCIÓN TEMPORAL DA CUALIFICACIÓN DA LINGUA GALEGA

---

### 1. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

#### Que son? A quen van dirixidos?

Son agrupamentos de alumnado de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de Educación Infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia.

#### Finalidade

Impulsar unha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado.

#### Duración

1. Tempo máximo dun trimestre.
2. O servizo territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período.
3. En todo caso, antes de rematar o prazo para o cal fose concedida a súa participación no agrupamento, unha alumna ou un alumno poderá incorporarse ao seu grupo ordinario se o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

#### Organización

4. O alumnado deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.

**5. Horario:**

Horario máximo no grupo de adquisición de linguas:

- a. 5 períodos lectivos semanais en 6ºEI.
- b. 10 períodos no primeiro ciclo de EP.
- c. 20 períodos no segundo e no terceiro ciclos EP.
- d. 24 períodos na ESO.
- e. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

**6. Profesorado:**

- f. Na ESO pertencerá, preferentemente, ás especialidades de carácter lingüístico e deberá contar con dispoñibilidade horaria.
- g. En EP e en EI, de ser o caso, encargarse calquera mestra ou mestre da correspondente etapa que conte con dispoñibilidade horaria.
- h. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario ao que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

**Solicitud**

Solicitud da dirección do centro docente ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente, achegando a seguinte documentación:

- Informe xustificativo do profesorado titor.
- Relación do alumnado que conforma o grupo, con indicación da etapa e do curso.
- Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.
- Acreditación da información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais.
- Especificación do período de tempo para o cal se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o cal se propón.
- Programación ou plan de traballo para desenvolver no grupo de adquisición de linguas.

**Marco normativo**

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 2. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

### Que son? A quen van dirixidos?

Son agrupamentos de alumnado do segundo e terceiro ciclos de educación primaria e/ou de educación secundaria obrigatoria que, procedendo do estranxeiro e non contando con adaptación curricular, presente un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo en que estea escolarizado nas áreas ou materias instrumentais de Lingua Galega e Literatura, de Lingua Castelá e Literatura, e de Matemáticas.

### Finalidade

Contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo en que estea escolarizado.

### Duración

1. Poderá estenderse ao longo de todo o curso escolar.
2. Non obstante, o alumnado incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que o equipo docente considere superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

### Organización

3. O alumnado deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.
4. Horario:
  - a. Levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar semanal, coincidindo coas áreas ou materias de carácter instrumental de ser posible.
  - b. Esta permanencia non poderá abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas ou das materias con que coincide, e non poderá exceder:
  - c. 8 períodos lectivos semanais no segundo e no terceiro ciclos de EP.
  - d. 10 períodos na ESO.
5. Profesorado:
  - e. En Educación Primaria será calquera mestra ou mestre que conte con dispoñibilidade horaria.
  - f. En Educación Secundaria Obrigatoria o profesorado que atenda estes grupos pertencerá, preferentemente, ás especialidades das materias instrumentais que se van desenvolver no referido grupo e deberá contar con dispoñibilidade horaria.

- g.** Este profesorado manterá unha estreita coordinación co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, e contará co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.
- h.** A avaliación deste alumnado corresponde ao equipo docente do grupo ordinario. O profesorado do grupo asistirá ás sesións de avaliación do alumnado do grupo que atende, con voz e sen voto.

### Solicitudude

Solicitudude da dirección do centro docente ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente, achegando a seguinte documentación:

- Informe xustificativo do profesorado titor.
- Relación do alumnado que conforma o grupo, con indicación da etapa e do curso.
- Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.
- Acreditación da información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais.
- Especificación do período de tempo para o cal se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o cal se propón.
- Programación ou plan de traballo para desenvolver no grupo.

### Marco normativo

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.





### 3. ESCOLARIZACIÓN NUN CURSO INFERIOR DO QUE CORRESPONDE POR IDADE

#### Cando se pode aplicar?

Nas etapas de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, respectando que a alumna ou o alumno poidan rematar calquera desas etapas, dentro dos límites de idade establecidos.

#### Procedemento

1. No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial por parte do profesorado titor.
2. De considerarse necesario, complementarase coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación.
3. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfase curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, e polo tanto, debe incorporarse ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfase.
4. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente.

#### Marco normativo

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



## 4. EXENCIÓN TEMPORAL DA CUALIFICACIÓN DA LINGUA GALEGA

### Requisito

Proceder doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de EP, en ESO ou en Bacharelato.

Non terá dereito á exención o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos, e se reincorpore ao sistema educativo galego.

### Duración

Un máximo de dous cursos escolares consecutivos. Solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano.

### En que consiste?

Na obtención dunha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega.

### Que implica?

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións que os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención.

### Procedemento

Os proxenitores presentarán a solicitude dirixida á persoa titular da dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.

**E D 3 3 2 A**



[https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es\\_ES&codtram=ED332A](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=ED332A)

Solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares.

### Prazos

- Do 1 de setembro ao 5 de outubro en EP e ESO.
- Do 1 de setembro ao 20 de outubro en Bacharelato.
- Cando se trate dun alumno ou alumna con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo será de 20 días seguintes á incorporación da persoa interesada ao novo centro.

### Marco normativo

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia



## 6.2. ENSINANZAS PROFESIONAIS

---

Co propósito de acadar os obxectivos previstos neste programa, establécense as seguintes liñas de actuación:

1. **LIÑA 1: APOIO ACADÉMICO E PROFESIONAL**

.....

2. **LIÑA 2: APOIO LINGÜÍSTICO**

.....

3. **LIÑA 3: INCLUSIÓN SOCIO-CULTURAL E PROFESIONAL**

.....

4. **LIÑA 4: APOIO ADMINISTRATIVO E LEGAL**

.....

Cada liña de actuación inclúe unha serie de medidas concretas, algunhas das cales foron incluídas no apartado anterior por ser de aplicación no momento inicial da acollida. A continuación, desenvólvense as restantes medidas que poden ser implementadas:

### LIÑA 1: APOIO ACADÉMICO E PROFESIONAL

Esta liña ten como obxectivo proporcionar ao alumnado estranxeiro toda a información e apoio necesarios para garantir unha elección axeitada do ciclo formativo e, ao mesmo tempo, asegurar que, unha vez matriculado, poida integrarse de forma efectiva no sistema educativo e no seu futuro entorno profesional, promovendo tanto o éxito académico como a preparación para o mercado laboral.

#### Medidas e actuacións

- **Orientación vocacional e profesional:** organizar, cando sexa posible, sesións informativas dirixidas ao alumnado e/ou ás súas familias antes do proceso de admisión e matrícula. Estas sesións terán como obxectivo proporcionar unha visión clara e detallada sobre a estrutura do sistema educativo de Formación Profesional e ensinanzas de réxime especial, as distintas familias profesionais, os ciclos formativos dispoñibles e os requisitos de acceso. Este asesoramento previo incluirá, ademais, información detallada sobre as saídas laborais asociadas a cada ensinanza e os posibles itinerarios formativos que permitan planificar o seu futuro académico e profesional de maneira informada e adecuada.

Para esta labor poderanse empregar os seguintes recursos en liña:



Mapas de oferta de Formación Profesional



Folletos informativos das distintas familias profesionais



Portal web de Formación Profesional de Galicia



Portal web de Todo FP



Portal web de ensinanzas artísticas



Portal web de ensinanzas deportivas

- **Asistente FP 24/7:** desenvolver un sistema de orientación baseado en IA especializado en Formación Profesional, capaz de ofrecer respostas en tempo real a persoas interesadas desde calquera parte do mundo, 24 horas ao día, superando as diferenzas horarias. Este sistema compensaría a falta de atención telefónica durante certos horarios, garantindo unha asistencia continua, accesible e eficiente.
- **Difusión das ensinanzas profesionais en distintos idiomas:** elaborar materiais de difusión multilingües sobre as ensinanzas profesionais para facilitar o acceso á información e promover a comprensión da oferta formativa entre o alumnado estranxeiro. Estes materiais incluírán información clara sobre as ensinanzas, requisitos de acceso, saídas profesionais e procedementos de matrícula, e serán difundidos a través de diferentes canles para asegurar que o alumnado estranxeiro teña acceso á información relevante.
- **Aprendizaxe baseada en proxectos:** incorporar na aula proxectos grupais que se baseen en retos prácticos e reais, directamente vinculados ao sector produtivo. Esta metodoloxía promove unha aprendizaxe activa e contextualizada, facilitando que o alumnado non só adquira competencias técnicas relacionadas co seu ámbito de estudo, senón tamén habilidades sociais, comunicativas e de resolución de problemas nun entorno colaborativo.

A Consellería conta con programas específicos que poden axudar ao desenvolvemento deste tipo de proxectos nas aulas.
- **Ferramentas dixitais:** utilizar recursos tecnolóxicos tales como vídeos explicativos, simulacións e prácticas virtuais para facilitar a comprensión dos contidos do ciclo formativo. Estas ferramentas permiten ao alumnado visualizar conceptos complexos, practicar habilidades nun entorno simulado e acceder ao material cando o precisen, adaptando o ritmo de aprendizaxe ás súas necesidades. Este enfoque dinámico e flexible enriquece o proceso formativo, reforzando a adquisición de competencias e a preparación para o ámbito profesional.

## LIÑA 2: APOIO LINGÜÍSTICO

O obxectivo desta liña é mellorar as competencias lingüísticas do alumnado estranxeiro que non domina o galego nin o español, co fin de garantir que poidan seguir as clases e participar activamente no proceso formativo. Para isto, proporcionarase apoio lingüístico adaptado ás súas necesidades, facilitando ferramentas comunicativas básicas e promovendo a adquisición progresiva das linguas oficiais, favorecendo así a súa integración no entorno educativo e o seu éxito académico.

### Medidas e actuacións

→ **Materiais e ferramentas de apoio:** ofrecer materiais complementarios en formatos accesibles, así como ferramentas dixitais que axuden ao alumnado estranxeiro a comprender mellor os contidos das materias.

Algúns exemplos poderían ser:

- » **Glosarios técnicos** nas linguas estranxeiras predominantes na área de influencia do centro educativo, que inclúan terminoloxía específica de cada ciclo formativo ou familia profesional.
- » **Aplicacións de tradución** que permiten traducir texto ou frases completas entre diferentes idiomas, axudando ao alumnado a comprender as instrucións e contidos das clases. Algunhas son capaces de transcribir en tempo real as conversacións, facilitando a comprensión do contido falado.
- » **Plataformas de subtítulado** que permiten engadir subtítulos en diferentes idiomas a materiais audiovisuais, mellorando a súa accesibilidade.

Neste eido, cómpre destacar o **proxecto VETINEN**, desenvolvido polo Centro Galego da Innovación da Formación Profesional. Trátase dunha ferramenta innovadora que combina a realidade virtual e a intelixencia artificial para a aprendizaxe de idiomas, abordando a formación desde unha perspectiva técnica e permitindo unha experiencia educativa de inmersión e interactiva, facilitando a adquisición de vocabulario técnico aplicado a escenarios reais de cada profesión.

- » **Píldoras dixitais multilingües:** desenvolver, en colaboración coas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), recursos dixitais breves e dinámicos, deseñados para facilitar a aprendizaxe do galego e do castelán. Estas píldoras dixitais, estruturadas como módulos prácticos e accesibles, estarán dispoñibles en varios idiomas, permitindo ao alumnado estranxeiro adquirir competencias lingüísticas de forma progresiva e adaptada ás súas necesidades.
- » **Aprendizaxe do idioma:** orientar ao alumnado cara aos cursos ofrecidos polas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) e as Escolas de Educación Permanente de Adultos Públicas (EPAPU), para que poidan mellorar as súas competencias lingüísticas de maneira estruturada e adaptada ás súas necesidades. As opcións dispoñibles son as seguintes:



### Cursos de español e galego para inmigrantes das EPAPU

Estas ensinanzas están dirixidas a persoas estranxeiras residentes en Galicia que precisen aprender as linguas oficiais. Impártense en grupos reducidos, cunha duración de 10 horas lectivas semanais e horarios flexibles. A idade mínima de acceso é de 18 anos, podendo ser de 16 anos en casos excepcionais.



### Cursos de español e galego das EOI para estranxeiros

De forma xeral, a idade de acceso é de 16 anos, e as persoas estranxeiras poden cursar tanto español como galego.

- » **Español para estranxeiros:** na maioría dos casos, os cursos son anuais, con dúas sesións semanais de dúas horas cada unha. A matrícula está aberta durante todo o curso académico, permitindo o acceso ao nivel correspondente tras unha proba de clasificación. Ademais, ofértanse cursos monográficos de iniciación á lingua, sen titulación, cunha duración cuadrimestral ou anual.
- » **Galego:** pódese estudar galego en distintos niveis nas Escolas Oficiais de Idiomas, con cursos anuais que consisten en dúas sesións semanais de dúas horas cada unha. Ademais, ofértanse cursos anuais de preparación para a obtención dos certificados Celga.

A oferta e os prazos de matrícula pódense consultar na seguinte ligazón:



<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/1537>



### LIÑA 3: INCLUSIÓN SOCIOCULTURAL E PROFESIONAL

A inclusión cultural e emocional do alumnado estranxeiro é fundamental para que se sintan parte da comunidade educativa e poidan adaptarse ao novo ambiente. Esta liña de actuación enfócase na creación de espazos e actividades que fomenten a inclusión, a comprensión intercultural e o benestar emocional do alumnado, promovendo un clima de apoio, respecto e pertenza que facilite a súa integración plena tanto no ámbito académico como social.

#### Medidas e actuacións

- **Actividades de inclusión:** Xerar oportunidades para que os estudantes estranxeiros se relacionen cos seus compañeiros, mediante actividades culturais ou deportivas conxuntas, proxectos colaborativos ou grupos de traballo que favorezan a interacción social e cultural.
- **Programas de mentoría:** Designar persoas mentoras que axuden ao alumnado estranxeiro a mellorar a súa comprensión da nosa sociedade, facilitando a súa integración no contexto académico, social e cultural. As persoas mentoras poden ser estudantes de cursos superiores ou membros do persoal docente. Estes programas resultan especialmente efectivos cando a persoa mentora comparte un contexto cultural semellante ao do alumnado mentorizado, o que facilita a comprensión e adaptación do alumno.
- **Programa “Camiños Compartidos: Rede de Referentes Profesionais”:** Programa baseado nun ciclo de xornadas itinerantes por distintos centros educativos, onde profesionais de orixe estranxeira que traballan en Galicia, emprendedores e casos de éxito, poidan trasladar a súa experiencia ao alumnado estranxeiro achegando a súa visión para inspirar e motivar ao alumnado, así como para ofrecerlles orientación práctica sobre oportunidades profesionais, integración no mercado laboral e o desenvolvemento de proxectos emprendedores.  
  
O obxectivo sería proporcionarlles un marco inspirador no que puideran ver exemplos reais de integración, superación e éxito no ámbito laboral e emprendedor.
- **Colaboración con entidades externas:** Establecer colaboracións con ONGs, asociacións culturais e organismos locais para ampliar os recursos dispoñibles e facilitar a inclusión. Estas colaboracións permiten ofrecer apoio adicional no proceso de integración, tanto a nivel social como cultural, e proporcionan acceso a actividades, eventos e recursos que axudan ao alumnado a adaptarse mellor á súa nova comunidade.
- **Visitas a empresas con enfoque global:** Organizar visitas a empresas locais que teñan vínculos internacionais ou que promovan a diversidade, resaltando as oportunidades laborais para o alumnado estranxeiro. Estas visitas permitirán ao alumnado coñecer de primeira man o funcionamento de empresas que valoran a diversidade cultural e proporcionan un entorno laboral inclusivo.




#### LIÑA 4: APOIO ADMINISTRATIVO E LEGAL

Esta liña de actuación abarca todas as accións necesarias para que o alumnado estranxeiro poida cumprir cos requisitos legais e administrativos tanto para acceder ao sistema educativo como para regularizar a súa situación de residencia no país durante o seu proceso formativo. Este apoio incluírá a orientación e asistencia en trámites administrativos, asegurando que o alumnado poida integrarse de maneira legal e sen obstáculos ao longo da súa formación en FP.

##### Medidas e actuacións

- **Obtención do Número da Seguridade Social (NUSS):** asesorar sobre os pasos a seguir para a obtención do NUSS. Este número é necesario para realizar prácticas formativas en empresas e para acceder ao mercado laboral. Para solicitalo, é necesario ter DNI ou NIE, ou pasaporte no caso de cidadáns da UE, mentres que as persoas extracomunitarias poden solicitalo co pasaporte e residencia temporal por estudos.
- **Asesoramento sobre bolsas e axudas:** informar sobre as axudas económicas e bolsas dispoñibles para o alumnado estranxeiro, axudándolles a completar as solicitudes e proporcionándolles asistencia na xestión de calquera problema administrativo relacionado coas axudas ou becas.
- **Orientación cara ás Oficinas do Retornado:** no caso de alumnado estranxeiro descendente de galegos, orientalo ás Oficinas do Retornado da Secretaría Xeral de Emigración. Nestas, o alumnado poderá recibir asesoramento especializado, así como apoio na tramitación de diversos procedementos administrativos, incluíndo a apertura de contas bancarias, a homologación de títulos, a obtención do DNI, a solicitude da Renda de Inclusión Social de Galicia, entre outros trámites.



## 7. AXENTES IMPLICADOS

Este programa está dirixido a todos os axentes que participan no proceso de acollida, desde o alumnado estranxeiro ata o persoal dos centros educativos e das distintas entidades implicadas no ámbito social e educativo.

O seu obxectivo é servir como unha ferramenta práctica e integral que articule pautas educativas, procedimentais, administrativas e sociolaborais, orientadas a dar resposta ás problemáticas máis habituais que acontecen cada inicio de ano escolar.

Un dos aspectos principais que favorecen o acollemento e a inclusión do alumnado procedente do estranxeiro no noso sistema educativo é a coordinación e colaboración entre as diversas institucións implicadas.

Para isto resulta imprescindible establecer o tipo de intervención que cada axente debe levar a cabo na súa actuación directa con este alumnado.

### COMUNIDADE EDUCATIVA

---

A súa importancia radica na proximidade e accesibilidade que teñen co alumnado dentro do contexto educativo. Deste xeito, pódese destacar o labor de varias figuras relevantes:

#### **Axentes educativos internos**

##### **Equipos directivos**

Os equipos directivos serán os primeiros que deberán ter contacto coa familia e co alumnado estranxeiro. Entre as funcións que deberán desempeñar destacan as seguintes:

- Promover e organizar tempos necesarios para a acollida.
- Coordinar ao profesorado implicado na atención do alumnado estranxeiro.
- Solicitar recursos externos cando sexa preciso.
- Promover e impulsar a atención á diversidade, garantindo a execución de medidas recollidas nos diversos plans e documentos do centro que contemplan ao alumnado procedente do estranxeiro.

Tamén será responsabilidade dos equipos directivos, xunto co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación, a asignación do alumnado de acollida ao nivel e grupo correspondente, en función dos criterios de escolaridade e pedagóxicos recollidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

### **Persoal titor e equipos docentes**

O persoal titor desempeña un papel fundamental, en tanto que coñece a realidade máis inmediata do seu grupo-aula. Será a súa responsabilidade empregar as técnicas, metodoloxías e actividades que considere máis oportunas para garantir a inclusión deste alumnado dende as primeiras fases da súa incorporación.

É aconsellable, durante as primeiras semanas de escolarización, recoller toda a información posible, así como realizar unha avaliación inicial para a detección das necesidades e potencialidades que permitan ofrecer unha resposta educativa, emocional e socioafectiva axeitada ás características que presenta.

A acción titorial constitúe, así, un dos elementos fundamentais para garantir a calidade educativa, polo que a acollida a este alumnado estará intimamente relacionada co estipulado no Plan de Acción Titorial.

O equipo docente que traballe con este alumnado debe ser igualmente coñecedor das súas circunstancias, características, habilidades e historia escolar, co fin de realizar unha análise detallada das súas necesidades educativas. Do mesmo xeito, será labor do claustro velar pola inclusión educativa do alumnado no centro educativo.

### **Departamentos de Orientación/Departamentos de Información e Orientación Profesional**

A xefatura dos Departamentos de Orientación/Departamentos de Información e Orientación Profesional actuará como dinamizadora da inclusión educativa, vocacional e profesional de todo o alumnado en xeral, e do alumnado estranxeiro en particular; e colaborará no cumprimento dos diversos plans de centro que o inclúen. Así mesmo, realizará as funcións de asesoramento e intervención que lle son propias, e que veñen estipuladas no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve.

Esta colaboración levarase a cabo en tres niveis: individual (co alumnado e familias), a nivel de aula (co persoal titor e equipo docente) e a nivel de centro (co equipo directivo). Esta figura será moi relevante para favorecer a cooperación e a coordinación entre os diversos axentes implicados, tanto externos como internos.

Dende o Departamento de Orientación estableceranse os apoio e reforzos necesarios para este alumnado.

### **Persoa coordinadora de benestar e convivencia**

A Orde do 23 de agosto de 2023 establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. Esta figura resulta imprescindible para o acompañamento do alumnado procedente do estranxeiro, xa que o benestar e a convivencia son aspectos fundamentais para acadar a inclusión educativa.

### Persoa dinamizadora da relación con empresas na FP

A través da Resolución do 27 de setembro de 2021 crease a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP, que desenvolve un labor de apoio ás empresas, institucións e aos centros educativos favorecendo o deseño de itinerarios formativos adaptados ás necesidades da poboación.

Esta figura desempeña un papel fundamental na orientación do alumnado estranxeiro cara a acreditación das competencias adquiridas mediante a experiencia laboral ou a través de vías non formais e informais, mellorando o seu desenvolvemento persoal e sociolaboral.

### Familias ou persoas responsables (de ser o caso)

As familias ou persoas responsables do alumnado estranxeiro actúan como principal axente socializador. Non é posible realizar unha acollida e acompañamento efectivo do alumnado sen ter en conta o seu contexto máis inmediato, como é o ámbito familiar.

A comunicación coas familias é un dos aspectos que cómpre salientar debido á importancia que reviste para o alumnado. Serán informadas e terán coñecemento das normas de organización, funcionamento e convivencia do centro. A conversa e o contacto con este axente realizarase do xeito máis fluído posible tratando de asesoralas en todo momento, tendo sempre en conta as barreiras no acceso e participación que presentan. Na procura deste fin é moi importante:

- Que sexan coñecedoras das fases de acollida das súas fillas e fillos.
- Solicitalles información de relevancia.
- Informalos dos resultados das valoracións realizadas, de ser o caso.
- Proporcionarlles apoio e asesoramento.
- Facelas partícipes da vida do centro, entre outras.



## **Axentes educativos externos**

### **Equipos de Orientación Específicos (EOEs)**

O persoal especialista integrante dos EOEs poderán apoiar e asesorar, tamén, as intervencións que se desenvolven con este alumnado.

### **Servizo de Inspección Educativa**

A Inspección Educativa resulta fundamental no proceso de atención do alumnado estranxeiro. A súa intervención é básica en aspectos fundamentais como os seguintes:

- Notificacións ao centro educativo da escolarización de alumnado procedente do estranxeiro.
- Supervisión e asesoramento na aplicación das diversas medidas educativas de atención á diversidade
- Supervisión e asesoramento nas medidas organizativas e na asignación dos recursos do centro.

## 8. OUTROS RECURSOS

### 8.1. DESENVOLVIDOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

---

- **Proxecto de inclusión cultural en centros educativos:** o obxectivo principal desta actuación é promover a inclusión do alumnado inmigrante a través do coñecemento das diversas tradicións, valores e prácticas tanto da cultura galega como da española en xeral.

A proposta inclúe a posta en marcha de actividades relacionadas coa lingua, a música, a danza e a gastronomía para promover o intercambio cultural e o respecto pola diversidade na contorna escolar.

- **Oficina de acollida de alumnado estranxeiro:** creación dunha oficina de orientación especializada para todos os axentes implicados. Esta oficina actuará como referentes no proceso, garantindo que os centros dispoñan de toda a información e recursos necesarios para facilitar a integración e o acompañamento adecuado deste alumnado, así como para resolver calquera dúbida ou necesidade específica que poida xurdir ao longo do proceso.

### 8.2 DESENVOLVIDOS POR OUTROS DEPARTAMENTOS

---

- **Servizos sociais:** un dos piares nos que se basea a inclusión social activa é o acceso a uns servizos de calidade, tal e como recolle a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais para Galicia. As competencias en materia de servizos sociais corresponderanlle á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás entidades locais de Galicia, que se rexerán, entre outros, polos principios de responsabilidade pública e solidariedade social, e deberán colaborar cos servizos educativos.

Os servizos sociais comunitarios básicos constitúen o punto de acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do Sistema Galego de Servizos Sociais. Este sistema ten como obxectivo facilitar alternativas, recursos e itinerarios de inclusión social; garantir a autonomía persoal das persoas dependentes; brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores; facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e, en xeral, previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección das persoas máis vulnerables.

Desde os servizos sociais comunitarios básicos municipais desenvólvense os seguintes programas e servizos que están establecidos no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación:

» **1.1. Programa de valoración, orientación e información en materia social**

Este programa diríxese ás persoas, grupos ou á comunidade en xeral, e desenvolverase en todas as entidades locais titulares de servizos sociais comunitarios de Galicia.

» **1.2. Servizo de educación e apoio familiar**

Integra o conxunto de servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias. Ten como obxecto detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección.

» **1.3. Programa básico de inserción social**

Ten como finalidade valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo ás persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo, como prestacións económicas específicas. Inclúense nesta categoría os proxectos expresamente dirixidos ao desenvolvemento, promoción e integración da comunidade xitana e outras minorías étnicas.

» **1.4. Servizo de axuda no fogar (SAF)**

Ten como obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu fogar, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia na súa contorna habitual, especialmente naquelas situacións nas que teñan limitadas a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

» **1.5. Programa de fomento da cooperación e solidariedade social**

Facilita a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulsa o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social.

O acceso á maioría destes programas ou servizos por parte das persoas e familias está suxeito a unha previa valoración técnica da persoa profesional de referencia nos Servizos Sociais. En calquera caso, o contacto será a través dos servizos sociais do concello de residencia do alumnado e das súas familias.

» **1.6. Programas de inclusión social da poboación inmigrante en entidades locais**

A Consellería de Política Social e Igualdade ten publicada unha convocatoria de axudas a entidades locais de Galicia para desenvolver programas de inclusión social de poboación inmigrante para os anos 2023 a 2025.

Estes programas comprenden accións de formación adaptada, asesoramento técnico xurídico e social, inclusión sociolaboral e transición ao emprego. Ademais, para a poboación menor dependente das adultas que participan no programa, desenvólvense accións de reforzo educativo.

» **1.7. Actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social desenvolvidas por entidades privadas de iniciativa social**

A Consellería de Política Social e Igualdade publica convocatorias de subvencións a entidades de iniciativa social para financiar actuacións de prestación de servizos sociais e de inclusión social, incluídos aquelas a favor da poboación inmigrante para os anos 2023 a 2025.

Estas actuacións consisten en formación adaptada, asesoramento técnico xurídico e social, inclusión sociolaboral e transición ao emprego. No caso da poboación menor dependente das adultas que participan no programa, desenvólvense accións de reforzo educativo, orientación e apoio ao alumnado para reforzar a importancia da educación, evitar o abandono prematuro da etapa de escolarización obrigatoria, reducir o absentismo escolar e facilitar a transición entre a educación primaria e a secundaria.

O acceso a estes programas está suxeito á concorrencia do concello de residencia da familia do alumnado estranxeiro a esta orde de subvencións. De ser o caso, o acceso sería a través da derivación dos servizos sociais comunitarios básicos do concello respectivo.

- **Lingua galega:** no marco do Plan de Dinamización da lingua galega 2025, a Xunta de Galicia porá en marcha cursos de lingua e cultura galega dirixidos a persoas procedentes do exterior. O obxectivo principal é impulsar o emprego da lingua galega en distintos sectores da poboación así como en todos os ámbitos da sociedade.

Estes cursos ofertaranse nas modalidades en liña e presencial nos que se facilitarán materiais didácticos de apoio.

Tamén está a disposición das persoas extranxeiras o Sistema de certificación de lingua galega (CELGA). A través deste poderase certificar o coñecemento que unha persoa ten do galego para os efectos de xustificar méritos ou requisitos laborais e académicos. Deste xeito, facilitarase a aprendizaxe da lingua galega e así poder optar a un título oficial que lles permita competir en igualdade de condicións, desde o punto de vista lingüístico. Grazas á modalidade titorizada e á interface sinxela, lixeira, eficiente e intuitiva, calquera persoa interesada neste curso verán como o acceso á aprendizaxe lle resulta máis doado.



## 9. PROPOSTAS PARA A INCLUSIÓN

### 9.1. A NIVEL DE CENTRO

---

- **Celebración de xornadas:** xornadas nas que se visibilicen e poñan en valor as distintas nacionalidades que existan no centro, poñendo como eixo a cultura, destacando a gastronomía, a vestimenta, música, entre outros; co obxectivo de dar a coñecer as características propias e a identidade de cada cultura ao resto do alumnado, profesorado e familias.

Xornadas de convivencia con outros centros educativos para coñecer distintas realidades: centros educativos rurais, centros escolares de costa, de cidade onde se compartan experiencias e boas prácticas en relación á inclusión do alumnado estranxeiro en cada un deles.

- **Plan de Formación Permanente do Profesorado:** participación en liñas de Formación Permanente do Profesorado que teñan como finalidade acadar estratexias e habilidades psicosociais para a educación intercultural, e identificar e analizar as «crenzas sociais» (prexuízos, estereotipos, temores presentes na comunidade educativa) que poden xerar actitudes, discursos e/ou prácticas discriminatorias que poidan, á súa vez, xerar conflitos manifestos ou latentes.

Escolas de nais e pais que aborden liñas de traballo centradas no coñecemento do sistema educativo galego e dos recursos sociocomunitarios.

- **Proxectos interculturais:** desenvolvemento de proxectos educativos que teñan como finalidade ofrecer un marco de reflexión e acción para a abordaxe positiva da multiculturalidade, co fin de convertela en interculturalidade. Nestes proxectos favorecerase a participación activa das familias do alumnado.

- **Sensibilización e difusión:** xornadas de sensibilización impulsadas por centros educativos e entidades de iniciativa social, que traballen en prol dos dereitos da infancia e a favor da tolerancia e a igualdade entre culturas.

Mesas de diálogo e experiencias pedagóxicas entre centros educativos de Galicia ou doutras comunidades autónomas, que permitan coñecer como se traballa a inclusión noutras institucións escolares cun índice elevado de alumnado estranxeiro.

- **Redes de apoio:** rede de familias acolledoras que axuden ás familias recién chegadas ao centro coa matrícula e a documentación do alumnado, que actúen como intérpretes, como canle coa institución escolar e como facilitadoras da inclusión a nivel social.

- **Apoios visuais:** elaboración de cartelería bilingüe con apoio visual. Identificación dos espazos do centro con pictogramas.

- **Tempo de lecer:** xogos tradicionais procedentes de cada cultura nas horas de lecer, co obxectivo de fomentar a sociabilidade e facer protagonista ao alumnado estranxeiro no seu propio proceso de ensinanza e aprendizaxe.

## 9.2. A NIVEL DE AULA

---

- **Aplicación da Guía de Benestar Emocional:** o benestar emocional do alumnado pódese ver influenciado polas diferentes contornas vulnerables, por iso se deben implementar iniciativas que o axuden e compensen as dificultades que padecen. Un recurso de interese é a aplicación de dinámicas de grupo para coñecerse e para favorecer a inclusión, como as que recolle a Guía de Benestar Emocional. Proposta de intervención, publicada pola Xunta de Galicia.



Guía de Benestar emocional

- **Alumnado acompañante:** nomearase un alumno ou alumna que de xeito voluntario acompañará ao alumnado estranxeiro para orientalo en relación aos horarios, espazos do centro e pequenos problemas que poidan xurdir na aula.
- **Mediación entre iguais:** formarase e nomearase a alumnado coa función de favorecer a inclusión no grupo-aula e no centro, así como coa finalidade de proporcionar o maior benestar emocional do alumnado incorporado. Esta medida de apoio favorece a inclusión, sobre todo, nos primeiros días para que poida desenvolver un sentimento de pertenza ao grupo.

Traballo colaborativo e agrupamentos que faciliten a cooperación do resto do equipo tendo como o seu referente ao alumnado titor.

### → Apoios e recursos

- » Apoios tecnolóxicos para poder empregar o tradutor.
- » Cancións con vocabulario.
- » Fichas de vocabulario.
- » Coñecemento da diversidade cultural a través da xeografía.
- » Xogos tradicionais na aula para traballar nos recantos ou nos momentos de actividades máis lúdicas.
- » Taboleiros básicos de comunicación con pictogramas.
- » Creación dun espazo seguro e comfortable na aula, para momentos de presión, ansiedade ou preocupación.

## 10. BIBLIOGRAFÍA

- **Arroyo, MJ., Berzosa, I.** (2018). *Atención educativa al alumnado inmigrante: en busca del consenso*. Revista de Educación, 379
- **Castillo, I., Lozano, J., Cerezo, M.C.** (2023). *La participación de los diferentes sectores de la comunidad escolar en la acogida del alumnado extranjero: la visión de las familias*. Revista Complutense de educación, 34 (1), p.133-143.
- **Essomba, M. A.** (2008). *La gestión de la diversidad cultural en la escuela (10 ideas clave)*. Barcelona: Graó
- **Guasp, J. J. M., Ramón, M. R. R., De la Iglesia Mayol, B.** (2016). *Buenas prácticas en educación inclusiva*. Educatio siglo XXI, 34(1 Marzo), 31-50.
- **Miyamoto, K.** (2015). *Habilidades para el progreso social: el poder de las habilidades sociales y emocionales*. OECD traducido por UNESCO. Recuperado de <https://www.oecd.org/publications/habilidades-para-el-progreso-social-9789264253292-es.htm>
- **No, P., Rodríguez, M.J., Torrecilla, E.M., Zangrando, V.** (2020). *Tutoría entre iguales en contextos de educación intercultural. Propuesta de intervención en el marco de los Proyectos INTO y E-EVALINTO Peer tutoring in intercultural education environments*. Projects INTO & E-EVALINTO. Education in the knowledge society (EKS), 21.

## 11. REFERENCIAS DE INTERESE

### AXUDAS

» <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/axudas>

### ESCOLARIZACIÓN

» <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/escolarizacioneadmision>

### AULA INTERCULTURAL

» <https://aulaintercultural.org/materiales/experiencias-interculturalidad/>

### INFORMACIÓN XERAL SOBRE HOMOLOGACIÓN E CONVALIDACIÓN DE TÍTULOS E ESTUDOS ESTRANXEIROS NON UNIVERSITARIOS

» <https://www.edu.xunta.gal/hovaes/>

» <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/16186>

### OBSERVATORIO ESPAÑOL DE RACISMO E A XENOFOBIA

» <https://www.inclusion.gob.es/oberaxe/es/index.htm>

### OBSERVATORIO ESTATAL DA CONVIVENCIA ESCOLAR

» <https://www.educacionyfp.gob.es/mc/sgctie/convivencia-escolar.html>

### PICTOGRAMAS E RECURSOS PARA A COMUNICACIÓN AUMENTATIVA E ALTERNATIVA

→ <https://arasaac.org/>

### GUÍA DE BENESTAR EMOCIONAL

→ [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar\\_emocional\\_2021.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf)

### PORTAL EDUCATIVO FAMILIAS E ALUMNADO

→ <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado>

### PROGRAMA DE ENSINANZA DE LINGUA ÁRABE E CULTURA MARROQUÍ (PLACM).

**MATERIAIS E RECURSOS**

- <https://www.educacionyfp.gob.es/va/mc/lengua-arabe-cultura-marroqui/materiales-y-recursos.html>

**RELACIÓN DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS POR PROVINCIA**

- [https://politicasocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/xeral/relacion\\_centros\\_servicios\\_sociales\\_a\\_coruna.pdf](https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/relacion_centros_servicios_sociales_a_coruna.pdf)
- [https://politicasocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/xeral/relacion\\_centros\\_servicios\\_sociales\\_lugo.pdf](https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/relacion_centros_servicios_sociales_lugo.pdf)
- [https://politicasocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/xeral/relacion\\_centros\\_servicios\\_sociales\\_ourense.pdf](https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/relacion_centros_servicios_sociales_ourense.pdf)
- [https://politicasocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/xeral/relacion\\_centros\\_servicios\\_sociales\\_pontevedra.pdf](https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/relacion_centros_servicios_sociales_pontevedra.pdf)

**REVISTA GALEGA DO ENSINO (EDUGA). PROXECTO CONECTA CULTURA**

- <https://www.edu.xunta.gal/eduga/1557/plan-proxecta/conecta-cultura>

## ANEXO 1. MODELO DE RECOLLIDA INICIAL DE INFORMACIÓN DO ALUMNADO

### DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos do/a alumno/a:

Data de nacemento:

País de procedencia:

Nacionalidade(s):

Teléfono de contacto:

Domicilio:

Nome da nai, pai, titor/a legal:

Nome da nai, pai, titor/a legal:

Nº de irmáns:

Idades dos/as irmáns:

Outras persoas coas que convive:

Disposición dalgunha rede de apoio:

Problemas de saúde diagnosticados:

Alerxias ou intolerancias:

### DATOS DE ESCOLARIZACIÓN

Nivel educativo cursado:

Repeticións:

Último centro no que cursou estudos:

Linguas estudadas:

Dificultades de aprendizaxe diagnosticadas:

Idade de inicio da escolarización:

Idioma vehicular da familia:

Outras linguas coñecidas pola familia:

Outras linguas coñecidas polo/a alumno/a:

Nivel de dominio das linguas oficiais de Galicia por parte do/a alumno/a:

### DATOS DE COMPLEMENTARIOS

Precisa uso de transporte:

Disposición de medios e recursos didácticos no fogar:

Precisa uso de comedor:

Disposición de conexión a Internet:

### OUTRAS OBSERVACIÓNS



XUNTA  
DE GALICIA